




**VAI MOITO FRÍO FÓRA
PERO TI QUERES SAIR.
COLLE UN LIBRO
E DISPONTE A VIAXAR**

Biblo



UN DESTINO POR DESCUBRIR

Clare Vanderpool
Ed. Molino

Un destino por descubrir non é o típico libro xuvenil. É unha pequena xoia de ritmo pausado que nos fala sobre a beleza do pasado e a busca do amor e do fogar; unha desas historias que demostran que non hai que ter unha idade determinada para gozar dunha novela xuvenil



EL FESTÍN DE LA MUERTE

Jesús Díez de Palma
Ed. SM

Premio Gran angular


Pequenas ou grandes historias de diferentes personaxes que en diferentes partes de Europa venise unidos por un fío terrible: a morte dáse un festín nesa terra asolada pola Guerra. Historias da Segunda Guerra Mundial

POMELO Y LIMON

Begoña Oro Pradera
Ed S.M

Premio Gran Angular

Jorge e María son dous adolescentes como tantos outros: saen cos seus amigos, comunícanse con eles nas redes sociais, namóranse... Todo isto sería normal se as nais de María e Jorge non fosen tan famosas...



TIERRAS DE SANGRE

Europa entre Hitler y Stalin

Timothy Snyder

Ed. Galaxia Guntemberg

Entre 1933 e 1945 case 14 millóns de persoas foron asasinadas en Europa baixo os réximes de Hitler e Stalin. Snyder relata os feitos, con testemuños de vítimas e verdugos, analiza os comos e porqués de tanto horror. Un libro fundamental para entender o século XX.



LA ISLA DE BOWEN

Cesar Mallorqui

Ed. Edebé

Premio Nacional de Literatura
Infantil e Xuvenil

Homenaxe aos libros de aventuras: viaxes, misterios, acción, emoción, amizade e, por suposto, amor. Aínda que é una novela extensa quedarás con ganas de máis, e por menos de dez euros



ARDALEN

Miguel Anxo Prado

Ed. El Patito Editorial

Premio Nacional de Cómic


Última obra dun autor xa recoñecido que mereceu o premio Nacional do Cómic 2013. Unha obra fermosa tanto polo debuxo excepcional como pola historia. Un regalo ideal para os amantes do cómic

CENTAURUS DEL DESIERTO

Alan Le May

Ed. Valdemar. Col. Frontera

Nesta magnífica novela baseouse a mítica película de J. Ford *Centauros do deserto* protagonizada por John Wayne. Podes desfrutar dobremente do mellor cine e da mellor literatura. Algo máis ca "unha de vaqueiros"




DIVISIÓN AZUL

Fran Jaraba

Ediciones del Ponent

Santi, un mozo comunista cuxo pai foi fusilado na Guerra Civil alístase na división azul para facer chegar uns importantes documentos a Moscú... Cómic magnificamente ambientado na Segunda Guerra Mundial



OS ÁNGULOS DA BRASA

Manuel Álvarez Torneiro

Ed. Tambo

Premio Nacional de Poesía

«A poesía non serve para nada, grazas a Deus, pero é indispensable».

Manuel Álvarez Torneiro. Os versos audaces e rotundos de

Álvarez Torneiro rodean o lector cos brazos acolledores da lírica.




CADEAS

Xabier López

Ed. Xerais

Premio Xerais 2013

Un baúl de historias que denotan unha prodixiosa capacidade para fabular, para recrear, para imaxinar. Cadeas páséanos por diferentes atmosferas, rexistros e historias con gran sentido do humor e cunha áxil ironía.



O CASTAÑEIRO DE ABRIL


Manuel. A. Fraga

Ed. Xerais

Premio Merlín 2013

Cumpre as tres condicións case máxicas que un lector pode agardar dunha novela: lela dunha volta, atraída pola trama; estar magnificamente escritas; ter personaxes que perduran no noso maxín por moito tempo.

AS FRONTEIRAS DO MEDO



Agustín Fernández Paz

Ed. Rodeira

Unha espléndida homenaxe a Lovecraft, no setenta e cinco pasamento da súa morte. Partindo dunha trama argumental que afonda na nosa cultura popular e na mitoloxía prehistórica, o autor crea unha atmósfera de desacougo e inquietude que fará estremecer a mozos e adultos.



PALABRAS ENVELENADAS

Maite Carranza

Ed. Rodeira

Premio Nacional Literatura Xuvenil

Nunca se encontrou o seu corpo nin se conseguiron probas para deter ningún culpable. Unha chamada a un móbil pon patas arriba o destino de moitas persoas: o dun policía a piques de se xubilar, o dunha nai que perdeu a esperanza de atopar a súa filla desaparecida, o dunha rapaza que traizoou a súa mellor amiga.



Bill Bryson

UNA MUY BREVE HISTORIA DE CASI TODO

Bill Bryson

Divulgación de calidade para todos os públicos. E para os máis pequenos unha historia algo máis breve pero igual de interesante

A EVOLUCIÓN DE CALPURNIA TATE

Jacqueline Kelly

Ed. Kalandraka

A pesar de que a súa nai insiste en ensinalle as cousas que debe saber unha señorita (coser, cociñar...) Calpurnia está máis interesada en aprender co seu avó moitas cousas sobre a natureza, quen era Darwin e tamén o tontos que se poñen os irmáns maiores cando se namoran.

SILENCIO EN LA NIEVE




UNA BREVE HISTORIA DE CASI TODO/ UNA MUY BREVE HISTORIA DE CASI TODO

RBA Libros

Byll Brison

Pois iso. Os grandes temas da ciencia explicados con rigor, de forma amena e comprensible.



Ignacio del valle

Punto de lectura

En pleno fronte ruso, durante a Segunda Guerra mundial, Arturo Andrade, soldado da división Azul recibe o encargo de investigar un asasinato.... O libro titulado inicialmente edicións "El tiempo de los emperadores extraños" foi levado ao cine por Gerardo Herrero co título de "Silencio en la nieve"(2012).